



Orzamento da
Universidade de
Santiago de
Compostela

2019

Investindo nun futuro sustentable

Índice

I.LIMIAR	4
II.ORZAMENTO DA USC PARA 2019	22
III.NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.....	26
ANEXOS	49
Anexo A. Orzamento de ingresos 2019.....	50
Anexo B. Orzamento de gastos 2019.....	53
Anexo C. Cadros de persoal.....	63
Anexo D. Custos indirectos	91
Anexo E. Clasificacións orgánica e funcional do orzamento	92
Anexo F. Tarifas	96
Anexo G. Relación de postos de traballo do PAS	170

ACRÓNIMOS UTILIZADOS:

ATIC	Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións
AVTE	Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC
BUSC	Biblioteca Universitaria da USC
CEBEGA	Centro de Biomedicina Experimental
CEDE	Centro de Documentación Europea
CEP	Centro de Estudos Propios
CeTA	Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe
CIEDUS	Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados
CIMUS	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC
CIQUS	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC
CISUG	Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia
CITIUS	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da USC
CLM	Centro de Linguas Modernas
CPT	Complemento Persoal e Transitorio
CRUE	Conferencia de Reitores das Universidades Españolas
DAG	Actividades de dirección, administración e xerais (contabilidade analítica)
IPC	Índice de prezos ao consumo
ITMATI	Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial
PAS	Persoal de Administración e Servizos
PDI	Persoal Docente e Investigador
PE-FR	Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio
PGFU	Plan Galego de Financiamento Universitario
RAM	Reparación, ampliación e mellora
RIAIDT	Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico
RPD	Renda persoal dispoñible
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
SUR	Servizo Universitario de Residencias
USC	Universidade de Santiago de Compostela

I. LIMIAR

I

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (*Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014*), dedican o título VII, “Do réxime económico e da programación plurianual”, ao proceso de definición e desenvolvemento da execución orzamentaria da institución. De acordo co artigo 171, unha vez aprobadas as liñas xerais no Claustro celebrado o 29 de novembro de 2018, “o reitor presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que o enviará ao Consello Social para a súa aprobación”. Pola súa banda, o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno (*aprobado por Consello de Goberno do 17 de decembro de 2014*) dispón o seguinte, no seu artigo 24. *Da aprobación da programación plurianual e do orzamento:*

“1.- Unha vez aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o equipo de goberno someterá á aprobación do Consello de Goberno tanto a programación plurianual ou a súa revisión, como o orzamento.

2- O proxecto de orzamentos porase á disposición de toda a comunidade universitaria.

3.- Os membros do Consello de Goberno disporán dun prazo non inferior a 10 días para a análise do proxecto de orzamentos e da programación plurianual e para a presentación de emendas.

4.- Rematado o prazo de presentación de emendas, tanto a programación plurianual como o orzamento serán sometidos a debate e informe na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.”

A Resolución do 20 de xuño de 2018 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (*DOG núm. 124, do 29 de xuño de 2018*) atribúe ao xerente, no apartado III. *Delegación de competencias en favor do/a xerente, Décimo cuarto, B) En materia económico-financeira e orzamentaria*, a competencia para a elaboración do proxecto de orzamentos anual.

De acordo con estas previsións preséntase este documento que contén o proxecto de orzamentos para o exercicio 2019 para, logo do debate na Comisión de Asuntos Económicos e do propio pleno do Consello de Goberno, ser proposto por este órgano para a aprobación definitiva por parte do Consello Social.

Para a súa elaboración tiveronse en conta as previsións contidas nas diversas normas de carácter estatal e autonómico, de entre as que cómpre salientar as seguintes:

- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades. BOE núm. 307, do 24 de decembro de 2001 e as posteriores modificacións.
- Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. BOE núm.315, de 31 de decembro de 2011.
- Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. BOE núm. 96, do 21 de abril de 2012.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012
- Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Do mesmo xeito, tamén se tiveron en conta as disposicións do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e do Regulamento de xestión orzamentaria.

II

O Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio da USC (PE-FR), aprobado inicialmente polo Consello Social o 22 de setembro de 2014 e pola Consellería de Facenda o 26 de novembro de 2014, e modificado en decembro de 2015, baseábase nunha serie de medidas que permitirían absorber 10 millóns do déficit acumulado da Institución, que naquel momento era de 16,3 millóns de euros, en 6 anos (ata 2020) e, por outra parte, permitirían aprobar orzamentos en equilibrio ou superávit a partir dese exercicio.

As medidas previstas no Plan tiveron un cumprimento desigual e, nalgúns casos, mesmo deron lugar a un incremento do gasto, como consecuencia, entre outras, das seguintes circunstancias:

1. De acordo co PE-FR levouse a cabo unha importante amortización de prazas, tanto de PDI coma de PAS, con consecuencias na docencia e na prestación dos servizos, que non foi compensada coa reposición de persoal levada a cabo ata agora e que será preciso corrixir no próximo período. O seu envellecemento, especialmente agudo no caso do profesorado, veu derivado da política estatal de reposición 0 de efectivos. Isto fixo que o número de xubilacións no período 2015-2018 non se puidese traducir nun aforro ao ter que repoñer prazas indispensables para o funcionamento da universidade. A pesar desta reposición, a idade media do PDI supera xa os 54 anos.
2. O aumento da conflitividade xudicial, especialmente no suposto de contratos con cargo a actividades de I+D+i, debido á precarización do persoal e á declaración de contratos en fraude de lei, provocou no período 2015-2018 gastos financiados cos orzamentos deses anos. Así mesmo, co fin de dimensionar algunhas estruturas de investigación, realizáronse despedimentos de persoal contratado nos que os tribunais se pronunciaron desfavorablemente, o que supuxo que non só non houbo ningún aforro senón que se produciu un incremento notable do gasto, tanto pola readmisión como polo pago de indemnizacións e outros conceptos.
3. O fracaso do proceso de funcionarización do PAS laboral, que debía xerar un aforro de 900.000 euros, resolveuse nun maior gasto de 400.000 pola equiparación dos trienios do persoal funcionario aos do persoal laboral.
4. A contención do gasto en subministracións foi importante, pero o incremento do prezo dos combustibles e o escaso investimento en eficiencia enerxética imposibilitou que se consolidara esa contención.
5. No conxunto do gasto corrente, hai que ter en conta a situación derivada de que quedase deserta a licitación do contrato de limpeza, o que supuxo un incremento certo de 200.000 euros ata agosto de 2019, e que podería incrementarse no resto do exercicio. De se encarecer máis o custe necesario para a contratación deste servizo, a Universidade estudará a posibilidade da súa xestión directa.

A renegociación da débeda prevista no PE-RF contribuíu tamén a que nos atopemos nunha situación económica delicada. A carencia na amortización da débeda bancaria, fixada para os exercicios 2015 e 2016, levou a unha certa percepción de ter superadas as dificultades o que, unida ao alleamento do edificio de Galeras por 7,1 millóns de euros, dos cales se percibiron 6 en 2017, e ao cobro de 2 millóns máis correspondentes a sentenzas que lle recoñecían á Universidade o dereito á devolución do Imposto sobre o Valor Engadido, supuxeron un escenario de superávit transitorio e de redución da débeda financeira por riba do previsto inicialmente.

A isto hai que engadir que a renegociación tivo como consecuencia concentrar o groso da amortización nos exercicios económicos 2017 (nese exercicio esa amortización realizouse, como xa se mencionou, con ingresos extraordinarios procedentes da venda de Galeras e da devolución do IVE) a 2021. Como consecuencia disto, no actual exercicio houbo que afrontar un pago de 5,4 millóns de euros, ao que hai que sumar a previsión de déficit para o peche de contas de 2018 e o déficit estrutural que arrastra a Institución; este último, entendido como o déficit estrutural acumulado que debe asumirse con créditos do seguinte exercicio e que ascende a uns 9,2 millóns de euros na actualidade.

Neste contexto, a Universidade non dispón de recursos suficientes para facer fronte ás necesidades globais, polo que cómpre reconducir a situación, garantindo o futuro da Institución, cun novo modelo de refinanciamento da débeda e cunha disciplina de gasto que permita xerar aforros, singularmente no ámbito das infraestruturas. Isto último debe ser tido en conta sen menoscabo de abordar as necesidades en materia de infraestruturas que presentan os diferentes centros da Universidade.

Ante esta situación, o peche de contas do ano 2018 realizárase cun déficit que pode acadar os 4 millóns de euros, como se acaba de expoñer.

Así, o refinanciamento da débeda vixente é un punto de partida imprescindible para ordenar a súa amortización e procurar un impacto na economía da USC que sexa compatible co mantemento de estándares irrenunciáveis de calidade.

Nesta ocasión, a estratexia para abordar a débeda da institución, pasa polo seu aplanamento, aliviando o esforzo mediante a redución anual das contías, pero sen períodos de carencia na débeda bancaria.

Tras as negociacións mantidas coa Xunta de Galicia e coas entidades financeiras correspondentes acordouse, pendente da súa aprobación definitiva, un novo cadro de amortizacións nos termos e contías indicados na táboa seguinte:

Ano	ANTICIPOS REEMBOLSABLES PARA INFRAESTRUTURAS				DÉBEDA BANCARIA (ABANCA + SANTANDER)		TOTAL	
	Anticipos estatais	Xuros (estimación)	Anticipos autonómicos	Total amortizacións	Amortización	Xuros (estimación)	CAPITAL	XUROS (estimación)
2019	759.216,10	15.301,28	0,00	759.216,10	1.893.446,38	195.010,72	2.652.662,48	210.312,00
2020	2.078.273,67	107.086,10	0,00	2.078.273,67	1.901.986,04	180.610,46	3.980.259,71	287.696,57
2021	130.786,12		579.942,72	710.728,84	1.910.577,37	148.029,24	2.621.306,21	148.029,24
2022	84.275,73		579.942,71	664.218,44	1.919.220,73	128.127,36	2.583.439,17	128.127,36
2023	45.292,08		579.942,71	625.234,79	1.927.916,42	108.327,37	2.553.151,21	108.327,37
2024	45.292,02		579.942,71	625.234,73	1.936.664,72	88.166,33	2.561.899,45	88.166,33
2025			579.942,71	579.942,71	1.945.466,01	68.106,52	2.525.408,72	68.106,52
2026			579.942,71	579.942,71	1.954.320,58	47.993,43	2.534.263,29	47.993,43
2027			579.942,71	579.942,71	1.963.228,74	27.857,60	2.543.171,45	27.857,60
2028			579.942,71	579.942,71	1.478.299,98	7.606,14	2.058.242,69	7.606,14
	3.143.135,72	122.387,38	4.639.541,69	7.782.677,41	18.831.126,97	999.835,17	26.613.804,38	1.122.222,55

NOTAS:

- As cantidades da débeda bancaria poden variar lixeiramente, dependendo do momento da formalización das operacións
- Os xuros son estimados, tomando como referencia os tipos actuais (anticipos: 3%; Abanca: 0,604; Santander: 2,30 fixo)
- O capital pendente da débeda bancaria vese lixeiramente incrementado, dado que o cuarto trimestre de 2018 tamén se inclúe na reestruturación

Seguindo co panorama a ter en conta para o ano 2019, o acordo marco Goberno-Sindicatos asinado o 8 de marzo de 2018 debuxou un escenario de incremento retributivo para os anos 2018, 2019 e 2020. Esta senda de incremento comezou no ano 2018 cun aumento global do 1,625% e continuará no ano 2019 cun incremento fixo do 2,25% e variable por un 0,25% máis en función do PIB.

Este escenario supón un incremento global das retribucións dun 8% no período 2018-2020 e condiciona os recursos dispoñibles da Universidade. Isto débese en boa medida a que este incremento, de obrigado cumprimento ao establecerse na Lei de orzamentos xerais do Estado, non se compensa por parte da Comunidade Autónoma con transferencias por igual cantidade, xerando un déficit que se incrementa en cada anualidade e que suporá da orde de 900.000 euros no exercicio 2019, que a Universidade deberá enxugar con recursos propios.

Por último, é obrigado facer unha referencia ao escenario que produce a aplicación do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, nun momento no que se achega a negociación do seguinte plan. O actual Plan non está servindo para asegurar os compromisos nel asumidos: “o *Plan Galego de Financiamento Universitario no que se contempla un horizonte temporal amplo, 2016-2020, de suficiencia e estabilidade financeira, que permita ao goberno da comunidade autónoma e as institucións públicas de ensino universitario do noso territorio, desenvolver de xeito ordenado as súas políticas*

durante o próximo quinquenio, vinculando para iso os recursos económicos necesarios para a súa execución”.

Os cambios introducidos no mecanismo de reparto do fondo de custo estándar, vinculándoos aos créditos matriculados polo alumnado, omite as singularidades das universidades que compoñen o Sistema Universitario Galego, establecendo o mesmo financiamento para todas aínda cando a perda de alumnado está condicionada tamén pola contorna xeográfica na que se insire cada institución.

Por outra parte, o fondo destinado á reparación e mellora das infraestruturas é constante durante toda a vixencia do plan, penalizando desta forma a mellora das infraestruturas nunha universidade en que o 60% se construíron antes de 1990 e que conta con edificios históricos onde as intervencións están reguladas e supoñen o desenvolvemento de Plans Directores altamente custosos.

Tamén a evolución da masa salarial, comentada nestas liñas xerais, non se reflicte adecuadamente na evolución das masas que conforman o PGFU 2016-2020.

Engadido a estas tres circunstancias, é preciso reivindicar unha cuarta realidade que compromete o futuro da Universidade de Santiago de Compostela. A nosa institución constitúe o motor da investigación en Galicia se temos en conta os seus resultados.

Por dar algunhas cifras representativas, apuntamos as seguintes para o período 2007-2016:

- En relación coa capacidade formativa a USC supuxo o 50% das teses defendidas en Galicia, dun total de 5.213 contabilizadas nas tres institucións galegas.
- En relación coa actividade científica no período de referencia, a USC ten máis do 52% das publicacións realizadas, dun total de 30.443 artigos científicos. No mesmo ámbito e período, a USC acumula máis do 55% das citas realizadas, dun total de 43.312 contabilizadas no SUG.
- Este rendemento ten o seu reflexo tamén nos ingresos captados para a investigación, supoñendo no período de referencia máis do 60% dos recursos, dun total de 551 millóns captados polas tres universidades galegas.
- Por último, en relación cos proxectos do Plan Nacional, a USC obtivo no período mencionado máis do 50%, dun total de 1.400 contabilizados nas tres universidades. Se a referencia a facemos aos proxectos do Programa Marco, a porcentaxe ascende ata o 60%, captando 89 proxectos dun total de 148 xestionados nas tres universidades.

Fonte: Observatorio IUNE

Estas cifras poñen de manifesto que o peso da investigación en Galicia se sitúa na USC, pero non ten unha correlación nos recursos estruturais que recibe, ao non contemplar o plan un financiamento estrutural da investigación. O modelo non ten en conta o custo basal que xera investigar, tanto a nivel de recursos materiais (infraestruturas, subministracións básicas) como humanos (persoal estrutural de apoio).

Como consecuencia disto, unha das misións fundamentais da Universidade vese afectada, provocando un empobrecemento gradual que aumenta segundo aumenta a capacidade investigadora da USC.

Neste punto, cómpre esforzarse para dar a coñecer a investigación que se realiza na USC e a súa importancia, demandando da Comunidade Autónoma a suficiencia de recursos que debe asegurar que non se interrompe a actividade investigadora, tan importante para o crecemento do país.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia dispón no seu artigo 115 que o plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial.

A conclusión é que a aplicación do actual Plan, buscando a equidade institucional entre universidades que non son comparables, provoca unha desigualdade real empobrecendo a docencia, a investigación e o retorno á sociedade que a Universidade de Santiago de Compostela debe ter.

III

No escenario actual e no contexto no que se debe desenvolver o orzamento, é obrigada a ollada ao proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019.

De acordo co proxecto exposto actualmente, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019 teñen como obxectivo priorizar as políticas de gasto encamiñadas a potenciar sectores estratéxicos para impulsar o fortalecemento da actividade e o desenvolvemento dun novo modelo de crecemento económico, nun contexto orzamentario que seguirá a caracterizarse pola contención do gasto corrente e a potenciación do investimento produtivo. É por iso que cómpre impulsar un acordo de mínimos para mudar tal situación. Faise precisa a construción dun consenso amplo que inclúa á comunidade das tres universidades galegas baseado nos seguintes principios fundamentais:

1. O aumento do financiamento para o conxunto do sistema universitario galego.
-

2. O establecemento consensuado de criterios de reparto de fondos que teñan en conta as características de cada unha das universidades galegas.

Os orzamentos da Comunidade recollen 4 eixes prioritarios e 1 eixe instrumental:

Prioritarios:

- Empregabilidade e crecemento intelixente
- Benestar das familias e das persoas e cohesión social
- Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes
- Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno

Instrumental:

- Administración moderna, eficiente e de calidade

As universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia atopan o seu encaixe no primeiro eixe prioritario: empregabilidade e crecemento intelixente, no que se recolle como obxectivo a mellora da competitividade dos galegos e das empresas radicadas en Galicia, a través dunha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación, no coñecemento e na internacionalización.

En relación co Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, as previsións da Xunta de Galicia para o ano 2019, presentadas ás tres universidades nunha reunión mantida no mes de outubro, son dun investimento de 431,85 millóns, que inclúe os fondos destinados ao financiamento estrutural e os condicionados aos resultados ou rendemento das universidades.

O incremento total con respecto ao ano 2018 (12,67) é dun 3% pero se atendemos ás masas do fondo estrutural, destinadas ao funcionamento xeral das universidades e que non teñen carácter competitivo, o incremento apenas acada o 2% (5,72 millóns).

O aumento das retribucións establecido nas Leis de orzamentos xerais do Estado nos dous últimos anos supuxeron un crecemento das masas salariais que non está sendo acompañado co crecemento do fondo estrutural. En cifras absolutas o incremento do 1,675% sobre as retribucións do capítulo I das tres universidades que conforman o SUG supuxo un total de 5,5 millóns no 2018. O incremento previsto do 2,675% (2,5% + 0,25% condicionado ao PIB) suporá uns 8 millóns que non se financian co aumento do fondo estrutural.

Polo tanto, o crecemento dun 3,8% do teito de gasto para os orzamentos xerais da Xunta de Galicia no seu conxunto non se traslada ao Plan Galego de Financiamento Universitario,

en contra do recollido no texto do plan e en detrimento da estabilidade e viabilidade das universidades que conforman o Sistema Universitario Galego. Neste sentido, intentarase conseguir un acordo coas outras dúas universidades do SUG para instar á Xunta de Galicia e, se é preciso, aos grupos parlamentarios a que o crecemento do teito de gasto para os orzamentos da Comunidade Autónoma se traslade ao Plan Galego de Financiamento Universitario.

A nivel estatal, a incerteza é máis alta, ao non haber unha presentación formal do proxecto de orzamentos. A única referencia polo momento é o acordo entre o goberno actual e Unidos Podemos - *En Comú Podem* - En Marea, no que se establecen algunhas liñas de acción que recollen unha referencia expresa á potenciación do sistema de investigación do país: "7. Ciencia e innovación: las bases de un país competitivo".

Polo tanto, non podendo ter como referencia os orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2019, outro elemento de referencia para as estimacións orzamentarias, será a actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2018-2021, xa que as normas contables e a política económica da Universidade de Santiago de Compostela debe formular previsións que recollan unha relación de ingresos e gastos adecuada e suficiente, desde a óptica da máxima prudencia.

No escenario macroeconómico destacan accións como o acordo en materia salarial e de emprego público alcanzado entre o Goberno e os sindicatos para o período 2018-2020, a rebaixa do IRPF nos tramos de renda máis baixos, as medidas en favor das familias incluídas no IRPF, a subida das pensións mínimas e a revalorización en 2019 de todas as pensións. Con esas medidas, prevese un escenario de desaceleración do PIB real de tres décimas en 2019 (do 2,7% ao 2,4%) e dunha décima en 2020, ata o 2,3%, que se mantería en 2021.

Como se deduce das cifras expostas, o incremento previsto no Plan Galego de Financiamento Universitario non cobre o incremento do PIB previsto para o 2019 (2,4%). Tendo en conta os condicionantes descritos, o orzamento da Universidade para o exercicio 2019 pretende ser un instrumento para que o equipo de goberno cumpra os compromisos asumidos no programa de goberno do Reitor, e afiance a situación económica actual da universidade.

Entre os obxectivos destacan:

- O refinanciamento da débeda, de maneira que se xere unha oportunidade de investimento dedicada a optimizar os custos máis importantes da institución: o persoal e as infraestruturas.
- O investimento estratéxico que xere aforro ou redución de custos no futuro: esta filosofía aplicarase especialmente ás infraestruturas mediante a súa racionalización, redefinindo os usos dos espazos e promovendo a redución de custos nos centros.

No que respecta ás tecnoloxías da información e das comunicacións, os investimentos orientaranse a mellorar os servizos para o alumnado e o profesorado, simplificando os procedementos e reducindo os recursos necesarios para a prestación destes servizos.

- A normalización e redución dos incrementos producidos nos capítulos I e VI relativos ao persoal:
 - negociar cos representantes do persoal unha regulación que teña como un dos seus fins reducir considerablemente a conflitividade xudicial.
 - elaborar os criterios de actuación que permitan evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal que poda dar lugar a conversión dun contrato temporal en indefinido non fixo
 - estabilizar o persoal temporal do capítulo I
 - reorganizar os efectivos para prestar novos servizos demandados
- A redución do gasto corrente en 2 millóns de euros nos próximos catro anos.
- O incremento dos ingresos mediante a revisión de canons por unha parte, e das tarifas e prezos de servizos prestados.
- A busca de alianzas coas outras universidades galegas, coas administracións locais e co goberno autonómico para compartir recursos que supoñan un aforro e racionalicen os custos.
- A revisión dos entes instrumentais, tratando de integrar no novo Consorcio aquelas unidades que sexan factibles, e definindo un tamaño mínimo e rendible.
- O axuste das necesidades do servizo de bibliotecas ao novo calendario académico, asegurando espazos e horarios suficientes para o estudo en período de exames tanto no campus de Santiago de Compostela como no de Lugo

A Programación Plurianual 2019-2021 recollerá as directrices a seguir para a aplicación destas medidas, tendo en conta no orzamento para o 2019 as cuestións a abordar durante o exercicio económico inmediato.

IV

Os orzamentos para o ano 2019 presentan, no substancial, unha estrutura moi similar á de exercicios anteriores.

Cómpre, en primeiro lugar, facer referencia ao teito de gasto non financeiro, de acordo coas previsións da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e fixado co criterio de orzamentos anteriores. Este criterio establecía que o teito de gasto non financeiro debía determinarse para os gastos non afectados. Desta forma, o teito de gasto non financeiro para o ano 2019 ascende a 172.770.760 €.

Tendo en conta o anterior, o orzamento preséntase cun resumo inicial cos cadros de ingresos e gastos a nivel de capítulo e artigo, distinguindo entre créditos afectados e non afectados.

Este criterio de desagregación mantense con respecto aos orzamentos dos últimos anos co fin de non alterar os compromisos contables derivados do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio. En todo caso, cómpre abrir un proceso de debate e reflexión sobre este concepto e a súa relevancia tanto a respecto dos compromisos da nosa Universidade coas institucións financiadoras como da relevancia a efectos internos.

Despois do resumo inicial o documento contén a evolución dos orzamentos de ingresos e gastos desde o ano 2017.

O seguinte apartado recolle as normas de execución que rexen para o ano 2019 e onde podemos destacar os cambios e melloras dos seguintes aspectos:

- Simplificación do procedemento de autorización de gasto suprimindo trámites irrelevantes
- Simplificación no procedemento de transferencias de crédito
- Desenvolvemento de formularios electrónicos para a autorización de gastos: folia de pedimento, axudas de custo e locomoción, retribucións por cursos e conferencias e similares
- Habilitación ao profesorado emérito para que sexan directores de centros de gasto naquelas actividades con financiamento captado por eles

Cómpre destacar que durante o ano 2019 se revisarán os regulamentos de xestión orzamentaria e de contratación administrativa da Universidade, dos anos 1988 e 1996

respectivamente, polo que as normas deste exercicio non introducen grandes variacións con respecto ao ano 2018.

Por último, inclúense os anexos que recollen o resto de información esencial: o detalle das partidas de ingresos e gastos, cadros de persoal docente e de administración e servizos, custos indirectos, tarifas e a relación de postos de traballo do Persoal de Administración e Servizos.

A diferenza de anos anteriores, o orzamento para o ano 2019 non inclúe un plan xeral de investimentos. A relación detallada dos investimentos que se prevé realizar formará parte, de acordo cos Estatutos, da Programación Plurianual que se aprobará, previsiblemente, no primeiro trimestre do ano 2019. É preciso, ademais, realizar unha avaliación do grao de execución das actuacións aprobadas na programación anterior, que finalizou en 2018.

As necesidades de investimentos nos edificios e instalacións da USC superan amplamente as posibilidades de financiamento habilitadas a través de partida de obra RAM prevista no PGFU (2,36 millóns de euros) e da capacidade de utilización de recursos propios para esta finalidade. Para paliar esta situación adóptanse varios tipos de medidas:

- Incremento da partida central destinada a obra RAM (pasa a 2,2 millóns)
- Habilitación dun crédito adicional para executar directamente nos centros (0,8 millóns)
- Tratamento máis axustado do IVE deducible naquelas actuacións que o permitan (dedución do 100% en actuacións de investigación e residencias, como exemplo)
- Impulso de acordos con outras administracións para financiamentos concretos en actuacións de edificios (INEGA, Consorcio da Cidade de Santiago, Xunta de Galicia)
- Busca de fórmulas de financiamento distribuídas no tempo (arrendamento financeiro, por exemplo), naqueles casos que sexa viable.

Por outra parte, e de acordo co previsto no orzamento 2018, iniciáronse actuacións mediante expediente anticipado de gasto, que teñen que ser imputadas no orzamento de 2019. Esta técnica resulta apropiada para non paralizar actuacións imprescindibles por estar próximo o peche dun exercicio, se ben causan un impacto económico no orzamento do ano seguinte.

Con respecto a centros e departamentos, non se inclúe o detalle do reparto inicial debido ao substancial incremento con respecto ao ano anterior: un 50% no caso dos departamentos e un incremento en números absolutos de 800.000 euros destinados a obra

RAM no caso do centros. Considérase oportuna a revisión dos criterios de reparto no primeiro bimestre do ano, introducindo mecanismos sinxelos que faciliten a determinación das contías para este e próximos orzamentos.

Non obstante, para garantir o correcto funcionamento destas unidades mentres non se adopten os novos criterios de reparto, distribuirase inicialmente crédito por un importe equivalente ao 50% do ano 2018.

En relación co persoal, o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia recolle os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos autorizado ás universidades do SUG para o exercicio 2019 no artigo 34. Un *Custos de persoal máximos das universidades de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos. No caso da Universidade de Santiago de Compostela establece 156,29 millóns de euros.

Este importe de masa salarial máxima recolle a contía prevista para a aplicación do incremento retributivo previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (*BOE 26.03.2018*), polo que os orzamentos da Universidade introducen tamén esa previsión nunha partida diferenciada, á espera do momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado

Nas anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Nos anexos C e G deste documento recóllense os cadros de persoal docente e investigador, e de administración e servizos, así como a Relación de Postos de Traballo para o PAS. No caso do persoal docente e investigador, tal e como aprobou o Claustro nas liñas xerais, no primeiro trimestre do ano 2019 someterase á aprobación dos órganos competentes a relación de postos de traballo do PDI actualizada.

En relación coas tarifas, cabe sinalar dúas novidades. Engádese no anexo un informe sobre o emprego da contabilidade analítica na elaboración dunha memoria económico-financeira para o establecemento de prezos públicos por prestación de servizos universitarios. A Universidade dispón dun catálogo extenso de actividades e servizos que presta, tanto a membros da comunidade universitaria, como a persoal ou entidades alleas. Estas actividades son específicas do ámbito da extensión universitaria en moitos casos, e noutros son complementarias ou auxiliares á docencia e á investigación. O informe

establece unha proposta metodolóxica para o establecemento de prezos públicos na USC, centrando o traballo inicialmente na actividade do Servizo de Deportes e nas tarifas de cesión de espazos, para os que se establecen as tarifas referidas ao próximo ano ou curso académico en cada caso.

En segundo lugar, realízase unha actualización xeral das tarifas que se relacionan no anexo F.

Por último, cómpre sinalar que as variacións existentes na denominación de partidas orzamentarias obedece aos cambios na estrutura organizativa derivados do cambio de goberno despois das eleccións de maio de 2018.

V

Recóllense a continuación, as novidades máis significativas dos orzamentos para o ano 2019. En relación cos **ingresos**:

- Nos capítulos IV e VII hai un incremento derivado do financiamento do Plan Galego de Financiamento Universitario, cuxa previsión é que aumente preto duns 3,5 millóns de euros con respecto ao ano anterior (no orzamento de ingresos, artigos 45 e 75). Este aumento responde case na súa totalidade á evolución dos fondos de acordo cos incrementos previstos para a masa salarial, polo que non supón un incremento real de financiamento.
- No capítulo VI contéplase un ingreso de 1,07 millóns de euros correspondente ao último pagamento da venda do edificio de Galeras (partida 8075-61900).
- No capítulo V anótase un incremento que ten a súa explicación na reordenación do sistema tarifario da USC, adaptándoo á lexislación vixente, que establece a obrigatoriedade de que as tarifas evolucionen co IPC. Cos orzamentos de 2019 iníciase un traballo de revisión completa do sistema de cálculo de tarifas, aplicando os principios e pautas establecidos na normativa autonómica e estatal, comezando por tarifas do Servizo de Deportes e de cesión de espazos. Isto suporá un incremento global do 10% dos ingresos anuais. O incremento dos prezos será realizado de maneira escalada tendo en conta, no caso do Servizo de Deportes, os diferentes niveis de renda dos sectores que compoñen os usuarios en ambos servizos.

Na mesma liña de actuación promoverase a sinatura de acordos e convenios con institución públicas e entidades privadas co fin de compartir o uso das nosas instalacións e os seus custos de mantemento.

O importe global das actuacións descritas suporá un incremento de 125.000 euros nos ingresos (artigos do orzamento de ingresos 48, 54 e 55).

- En relación cos ingresos procedentes da investigación, hai dúas cuestións diferenciadas:
 - Por un lado, a previsión por servizos de I+D contratados estímase que se incremente nun 2%; esta evolución vese favorecida pola posta en valor de novas infraestruturas de I+D que deben redundar nunha maior captación de recursos, e por outro lado responde á execución actual dos ingresos para o exercicio 2018 (no orzamento de ingresos, concepto 323).
 - Por outro lado, nas convocatorias competitivas (autonómicas, estatais e europeas) a evolución é máis incerta, dado que vén condicionada pola dinámica dos organismos financiadores. Non obstante, prevese un incremento nos fondos de procedencia europea, así como o mantemento dos niveis de captación competitiva nas principais convocatorias nacionais e autonómicas. Neste aspecto sinálase como novidade a resolución da convocatoria estatal de infraestruturas de 2017 (sen custos indirectos) e tamén a periodificación das axudas autonómicas, que se iniciarán co ano natural en lugar de facelo no momento da resolución. Por outro lado, o financiamento estatal é agora asumido na súa práctica totalidade por parte da Axencia Estatal de Investigación. Cabe sinalar que o financiamento dos proxectos contén tipicamente unha parte de anticipo FEDER (ingreso en capítulo IX de acordo coa normativa) e unha parte de subvención. Dado que a modalidade de financiamento a decide a AEI, as cifras do capítulo IX e do capítulo VII para esta finalidade hai que consideralas dun xeito conxunto. Este feito ten unicamente repercusión contable, e non altera o endebedamento (os anticipos son concedidos e recuperados pola propia AEI). No orzamento de ingresos, estes ítems aparecen en diversas partidas, en función da procedencia dos fondos: artigos 70, 71, 72 e 91 para os de procedencia estatal; artigo 75 para os de procedencia autonómica, e artigo 79 para os fondos de proxectos europeos.
 - Nas transferencias da Comunidade Autónoma, prevese un incremento da partida destinada ao mantemento do hospital veterinario Rof Codina, logo do acordo coa
-

Secretaría Xeral de Universidades, que aumentará a contía ata acadar 300.000 euros (concepto 399).

- No capítulo VII inclúese tamén un ingreso de 1.500.000 euros destinado á realización do proxecto de execución do novo edificio de Ciencias da Saúde, previsto na partida 8075-75011.

En relación cos **gastos**, as cuestións máis salientables son:

- No capítulo I o aumento do gasto derívase do aumento previsto do 2,5% para as retribucións do persoal. Neste capítulo contémplanse tamén recursos para as seguintes cuestións prioritarias:
 - Plan para o **Persoal Docente e Investigador (PDI)**: Os seus obxectivos son renovar os cadros de PDI, de xeito que se garanta o relevo xeracional, se free o seu avellentamento progresivo e se rebaixe a súa idade media. Trátase tamén de reducir os desequilibrios existentes entre áreas de coñecemento, moi descompensadas na actualidade. Ao tempo, preténdese posibilitar a promoción do profesorado acreditado, cumprir os compromisos de estabilización contraídos co persoal temporal e abrir canles para a incorporación de persoal contratado con cargo a programas competitivos para a captación de recursos humanos. O plan esixirá unha dotación no exercicio de arredor de 500.000 euros (partida 8075-3000-12251: 300.000 euros; partida 8075-3000-13166: 200.000 euros) . O plan terá un carácter cuadrienal e conterà o seu custo económico en termos consolidados. Será sometido á aprobación dos órganos competentes no primeiro semestre do vindeiro ano.
 - Plan para o **Persoal de Administración e Servizos (PAS)**: as liñas de acción consistirán en reorganizar a estrutura, estabilizar o persoal temporal segundo as previsións das leis de orzamentos do Estado e promocionar e cualificar ao persoal fixo. Esta actuación levará aparellada unha contía de 235.000 euros (partida 8075-3000-12204: 117.500 euros; partida 8075-3000-13043: 117.500 euros).

Dentro da reestruturación prevista, cómpre salientar a reorganización de áreas como a de Xestión Académica, o que permitirá prestar novos servizos á comunidade universitaria e liberar recursos para outras áreas deficitarias en persoal, como nos ámbitos da Secretaría Xeral, xestión económica, apoio da investigación e internacionalización, ámbitos todos eles estratéxicos no marco do previsto na Programación Plurianual.

O plan terá un carácter cuadrienal e conterá o seu custo económico en termos consolidados. Será sometido á aprobación dos órganos competentes no primeiro semestre do vindeiro ano.

- Plan para o **persoal contratado con cargo a actividades de I+D+i**: ordenación da situación deste persoal creando unha Relación de Postos de Traballo en investigación. Esta medida irá acompañada do estudo das posibles necesidades estruturais existentes neste ámbito. Nos orzamentos do 2019 destinarase unha partida de 700.000 euros para dar resposta, no seu caso, a esas necesidades (partida 8075-3000-13300: 100.000 euros; partida 8075-2000-64000: 600.000 euros).
- No capítulo II (gastos correntes) prevese un incremento do gasto moi importante na partida de subministracións (partida 8075-3000-22100: 600.000 euros), debido ao incremento do prezo da enerxía e á entrada en funcionamento do CEBEGA; e tamén se contempla un maior gasto en limpeza por 200.000 euros (partida 8075-3000-22701) .
- No capítulo V rexístrase un dos incrementos máis altos, correspondente ao fondo de imprevistos. En exercicios anteriores non se prevía un fondo específico pero á vista da execución real, é necesario dotar suficientemente este capítulo. Para isto destinarase 1.500.000 euros (partida 8075-5000-50000).
- No capítulo VI, en relación co crédito descentralizado que se reparte aos centros docentes, no exercicio 2019 preverase unha partida de 800.000 euros de obra RAM, adicional aos fondos destinados a obra RAM no crédito centralizado con 2,2 millóns de euros (partidas 8050-301A-62000 e 8075-300A-62000 respectivamente).
- Na mesma liña, seguindo o principio de descentralización progresiva do gasto, incrementarase un 50% a partida destinada a gastos ordinarios dos departamentos cun incremento de 50.000 euros (partida 8075-3026-64000, crédito total 150.000). Na elaboración dos próximos orzamentos, os departamentos recibirán o mesmo tratamento que as outras estruturas organizativas contempladas nos Estatutos.
- Tamén no capítulo VI, recóllense recursos destinados ao acondicionamento dos campus. Isto responde a unha demanda xeneralizada e urxente por parte da comunidade universitaria ante o estado dalgunhas infraestruturas, e á que xa se está dando resposta con algunhas accións neste ano 2018. O importe para esta acción ascenderá a 200.000 euros (na partida RAM citada). En investigación e innovación, continuarase durante o ano 2019 un Plan de captación e retención de talento investigador nas cinco grandes áreas de coñecemento aproveitando ao máximo os programas xa existentes de *Ramón y Cajal*, *Marie Curie*, *Miguel Servet*, *Juan de la Cierva* e contratos posdoutorais da Xunta.

- En relación coas axudas á investigación e á produción científica, promoveranse os intercambios con outros centros de investigación alleos á nosa Comunidade, os proxectos colaborativos entre grupos de investigación dos nosos Campus de especialización, a publicación en aberto, e a mellora das posicións da USC nos *rankings* internacionais. O importe para esta acción ascenderá a 100.000 euros. (Fondos condicionados programa *Ultreia*, partida 8051-1706-22800)
- No ámbito da administración, dedicarase unha liña específica dirixida ao alumnado, co obxectivo de mellorar as ferramentas informáticas para que se poida completar a tramitación dos procedementos por medios electrónicos, sen requirir atención presencial. Así mesmo, avanzarase na automatización dos procesos para reducir os recursos administrativos dedicados á súa xestión, cun investimento estimado en 210.500 euros (partida 8051-3000-22700).
- En relación co apoio á docencia e á investigación desde as TIC, potenciarase a autonomía de alumnado e profesorado no uso dos recursos tecnolóxicos necesarios para impartir as clases prácticas. Durante o ano 2019 comezará a prestarse un novo servizo para a creación de laboratorios de prácticas na nube, que poderán deseñarse á medida para cada materia, a demanda do profesorado, e usarse en calquera localización que dispoña de conexión a Internet cun investimento de 40.000 euros (partida 8051-3000-22700).
- En relación coas infraestruturas TIC, introducirase unha nova organización da actividade da área TIC centrada na prestación de servizos ao alumnado, profesorado e PAS, orientada á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios e usuarias. Aumentarase o uso de recursos na nube e promoverase un novo modelo de adquisición de hardware e servizos para os centros, departamentos e unidades administrativas. Destinaranse para esta liña 131.400 euros (partida 8051-3000-22700 e 8051-3000-62600).
- No capítulo IX (pasivos financeiros) orzáméntanse os importes das amortizacións dos préstamos bancarios, coa nova periodificación a 10 anos (1,90 millóns, partida 8075-5000-91300), e a devolución dos anticipos reembolsables para infraestruturas (0,93 millóns, partida 8075-5000-91100). Destácase tamén a extensión a 10 anos do período de devolución dos anticipos autonómicos.

II. ORZAMENTO DA USC PARA 2019

Nas táboas seguintes preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2019 con distintos niveis de agregación de acordo coa clasificación económica. As táboas, co nivel de desagregación máximo, aparecen nos anexos A e B.

1.- Orzamento por capítulo

INGRESOS

CAPÍTULO		INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
III	PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	24.713.450	10.376.550	35.090.000
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	122.340.900	16.802.240	139.143.140
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	487.000	0	487.000
VI	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	1.079.340	0	1.079.340
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	23.575.070	39.451.130	63.026.200
IX	PASIVOS FINANCIEROS	575.000	5.272.000	5.847.000
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		172.770.760	71.901.920	244.672.680

GASTOS

CAPÍTULO		GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS
I	GASTOS DE PERSOAL	136.164.750	15.081.950	151.246.700
II	GASTOS CORRENTES	24.751.315	1.990.750	26.742.065
III	GASTOS FINANCIEROS	490.470	0	490.470
IV	TRANSFERENCIAS CORENTES	1.581.580	152.000	1.733.580
V	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	1.500.000	0	1.500.000
VI	INVESTIMENTOS REAIS	5.445.000	54.677.220	60.122.220
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	0
VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	0	0	0
IX	PASIVOS FINANCIEROS	2.837.645	0	2.837.645
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		172.770.760	71.901.920	244.672.680

2.- Orzamento por artigo

INGRESOS

Artigo	Denominación	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTALS
31	Prezos públicos	19.153.250,00	1.491.750,00	20.645.000,00
32	Outros ingresos procedentes de prestación de servizos	4.910.200,00	8.884.800,00	13.795.000,00
33	Venda de bens	195.000,00		195.000,00
38	Reintegros de operacións correntes	205.000,00		205.000,00
39	Ingresos diversos	250.000,00		250.000,00
45	Ingresos de comunidades autónomas	121.790.900,00	15.502.240,00	137.293.140,00
47	Ingresos de empresas privadas	500.000,00	1.300.000,00	1.800.000,00
48	Ingresos de familias e institucións sen fins de lucro	50.000,00		50.000,00
52	Xuros de depósitos	1.000,00		1.000,00
54	Rendas de bens inmoebles	310.000,00		310.000,00
55	Produtos de concesións e aproveitamentos especiais	176.000,00		176.000,00
61	Venda de investimentos reais	1.079.340,00		1.079.340,00
70	Transferencias de capital. Ministerios		2.000.000,00	2.000.000,00
71	Transferencias de capital. <i>Agencia Estatal de Investigación</i>	2.154.215,00	9.358.010,00	11.512.225,00
72	Transferencias de capital. <i>Instituto de Salud Carlos III</i>	33.360,00	244.640,00	278.000,00
75	Transferencias de capital de comunidades autónomas	20.189.775,00	20.897.200,00	41.086.975,00
76	Transferencias de capital de corporacións locais	8.520,00	62.480,00	71.000,00
78	Transferencias de capital. Familias e inst. sen fins de lucro	90.000,00	660.000,00	750.000,00
79	Transferencias de capital do exterior	1.099.200,00	6.228.800,00	7.328.000,00
91	Pasivos financeiros recibidos do sector público	575.000,00	5.272.000,00	5.847.000,00
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	172.770.760,00	71.901.920,00	244.672.680,00

GASTOS

Artigo	Denominación partida	CRÉDITO NON AFECTADO	CRÉDITO AFECTADO	CRÉDITO TOTAL
11	Persoal eventual	141.510,00	0,00	141.510,00
12	Persoal funcionario	81.559.060,00	13.795.700,00	95.354.760,00
13	Persoal laboral	36.265.770,00	954.780,00	37.220.550,00
15	Incentivos ao rendemento	15.000,00	0,00	15.000,00
16	Cotas, prestacións e gastos sociais	18.183.410,00	331.470,00	18.514.880,00
20	Alugueres e cánons	446.250,00	0,00	446.250,00
21	Reparacións, mantemento e conservación	2.763.000,00	0,00	2.763.000,00
22	Material, subministros e outros	21.314.765,00	1.990.750,00	23.305.515,00
23	Indemnizacións por razóns do servizo	227.300,00	0,00	227.300,00
31	Xuros de préstamos	290.470,00	0,00	290.470,00
35	Xuros de demora e outros gastos financeiros	200.000,00	0,00	200.000,00
48	Transferencias correntes a familias e inst. sen fins de lucro	1.581.580,00	152.000,00	1.733.580,00
50	Fondo de continxencia	1.500.000,00	0,00	1.500.000,00
62	Investimento novo asociado ao funcionamento servizos	4.245.000,00	1.635.000,00	5.880.000,00
64	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.200.000,00	53.042.220,00	54.242.220,00
91	Amortización de préstamos	2.837.645,00	0,00	2.837.645,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	172.770.760,00	71.901.920,00	244.672.680,00

3.- Evolución do orzamento de ingresos

CAPÍTULO		2017			2018			2019		
		INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
III	PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	24.806.170	10.120.650	34.926.820	24.844.777	10.123.093	34.967.870	24.713.450	10.376.550	35.090.000
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	118.886.015	17.589.170	136.475.185	118.076.426	16.586.975	134.663.401	122.340.900	16.802.240	139.143.140
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	317.000	0	317.000	383.357	0	383.357	487.000	0	487.000
VI	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0	0	0	0	1.079.340	0	1.079.340
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17.860.738	30.763.180	48.623.918	20.201.734	36.448.225	56.649.959	23.575.070	39.451.130	63.026.200
IX	PASIVOS FINANCEIROS	762.070	4.005.660	4.767.730	590.000	5.310.000	5.900.000	575.000	5.272.000	5.847.000
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	162.631.993	62.478.660	225.110.653	164.096.294	68.468.293	232.564.587	172.770.760	71.901.920	244.672.680

4.- Evolución do orzamento de gastos

CAPÍTULO		2017			2018			2019		
		GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS	GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS	GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS
I	GASTOS DE PERSOAL	128.696.873	15.627.376	144.324.249	129.666.889	15.146.976	144.813.865	136.164.750	15.081.950	151.246.700
II	GASTOS CORRENTES	22.486.734	1.977.850	24.464.584	23.747.719	2.011.892	25.759.611	24.751.315	1.990.750	26.742.065
III	GASTOS FINANCEIROS	787.011	0	787.011	400.000	0	400.000	490.470	0	490.470
IV	TRANSFERENCIAS CORENTES	1.057.280	826.791	1.884.071	1.581.580	152.000	1.733.580	1.581.580	152.000	1.733.580
V	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	350.000	0	350.000	50.000	0	50.000	1.500.000	0	1.500.000
VI	INVESTIMENTOS REAIS	3.904.005	44.046.643	47.950.648	4.054.000	51.157.425	55.211.425	5.445.000	54.677.220	60.122.220
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	200.000	0	200.000	0	0	0	0	0	0
VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	500.000	0	500.000	0	0	0	0	0	0
IX	PASIVOS FINANCEIROS	4.650.090	0	4.650.090	4.596.106	0	4.596.106	2.837.645	0	2.837.645
	TOTAL ORZAMENTOS DE GASTOS	162.631.993	62.478.660	225.110.653	164.096.294	68.468.293	232.564.587	172.770.760	71.901.920	244.672.680

III. NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

Artigo 1. Os créditos do orzamento de gastos e as súas vinculacións

As partidas do orzamento de gastos para o 2019 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.

a) Os **créditos con financiamento afectado** terán carácter vinculante a nivel de partida.

b) A vinculación dos **créditos non afectados** establécese cos seguintes niveis:

i. Vinculación orgánica:

Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de código orgánico.

ii. Vinculación funcional. Adicionalmente á vinculación económica:

Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de código funcional.

iii. Vinculación económica. Adicionalmente ás vinculacións orgánica e funcional:

Terán carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo:

- Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo.
- Os gastos en bens correntes e servizos.
- Os gastos financeiros.

Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de artigo:

- Os investimentos reais.
- Os activos e pasivos financeiros.

Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, coa excepción das subvencións nominativas, que terán carácter vinculante a nivel de partida.

Artigo 2. Límites para a execución dos orzamentos

Limitación cuantitativa. Non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe do crédito autorizado no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, de acordo co artigo 57 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro .

Será causa de apertura dun expediente de información reservada á persoa que exerza a dirección de centro de gasto a contratación ou encargo a un terceiro dunha prestación con cargo aos orzamentos da USC cando non exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos.

Limitación temporal. A vixencia temporal das partidas orzamentarias é o exercicio económico que se corresponde co ano natural, agás para:

- a) As partidas orzamentarias de actividades con financiamento específico que manterán a súa vixencia ata a data de fin da actividade.
- b) Aquelas actividades cuxa duración exceda o exercicio orzamentario, para o cal deberá periodificarse o crédito en función da previsión da execución do gasto nos exercicios orzamentarios nos que a actividade estea vixente.

Non poderán adquirirse compromisos de gasto que excedan a vixencia da actividade financiada.

Limitación cualitativa. Os créditos que figuran nos orzamentos da USC unicamente poderán ser utilizados para a finalidade para a que sexan aprobados. Calquera gasto que se realice debe responder á satisfacción dunha necesidade pública, e esta debe motivarse.

Para os gastos con financiamento afectado que deben xustificarse ante o ente financiador, deben respectarse ademais os criterios de elixibilidade que estableza a normativa que lles sexa aplicable.

Artigo 3. Modificacións de crédito

1.- As modificacións de crédito esixirán unha proposta razoada da variación que se efectúe, e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2.- Non se poden financiar nin total nin parcialmente gastos afectados con créditos non afectados agás para aqueles programas de xestión integrada de investigación ou

cofinanciamentos puntuais para actividades que o requiran. Estas operacións requirirán autorización do reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3.- Terán a consideración de distribucións de crédito, autorizadas polo reitor, as transferencias que se realizan desde as partidas que teñen a consideración de fondos ás partidas específicas afectadas ao cumprimento da actividade que orixina o financiamento.

4.- En particular, consideraranse distribución de crédito as modificacións que se realicen para dotar crédito a:

- a) Departamentos
- b) Teses de doutoramento
- c) Concursos para a provisión de prazas
- d) Prácticas de campo
- e) Programas de calidade
- f) Cursos posgrao.
- g) Proxectos, contratos, reunións científicas, convenios de investigación e infraestruturas de investigación.

5.- A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 174 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, de acordo coas seguintes particularidades:

- a)** Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:
 - Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
 - As ampliacións de crédito.
 - As transferencias de crédito de operacións correntes a operacións de capital, e de operacións de capital a correntes.

Non obstante, habilitase ao reitor para que de xeito extraordinario poida autorizar as transferencias de crédito seguintes:

- Modificacións orzamentarias necesarias para as operacións que se deban producir con motivo do peche do exercicio orzamentario.
 - Transferencias ao capítulo I para cofinanciar custos de seguridade social como consecuencia de prestación de servizos, ou para o financiamento de custos de
-

persoal con crédito afectado.

- As transferencias de crédito entre operacións correntes e de capital por causas derivadas do cumprimento de normas de carácter xeral.

Darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das operacións realizadas en virtude da delegación anterior.

b) Correspóndelle ao reitor a aprobación de:

- As xeracións de crédito.
- A incorporación de remanentes.

6.- Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.
- As actividades financiadas con recursos externos, que dispoñan de créditos procedentes das partidas de fondos 8050-7000-64100 “Fondos de investigación. Subvencións”, 8050-7000-64200 “Fondos de investigación. Contratos e servizos prestados” e a partida 5505-1000-22800 “Fondo cursos posgrao propio.

Artigo 4. Gastos de persoal

As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma Galega para o exercicio 2019.

Mantendo os compromisos acadados no ano 2017 co Persoal de Administración e Servizos e co obxecto de acomodar de forma progresiva as retribucións do persoal funcionario de administración e servizos da USC, tanto de carreira como interino, ás percepcións actualmente recoñecidas ao persoal laboral de administración e servizos e ao persoal funcionario de administración e servizos das outras universidades do SUG, os funcionarios de administración e servizos da USC percibirán un complemento de homoxeneización da antigüidade.

Ese complemento terá ata o 1 de xullo de 2019 o importe equivalente a dous terzos da diferenza, en cómputo anual, entre o valor recoñecido para os trienios do persoal laboral

e a contía de antigüidade que lle corresponde polos trienios devindicados como funcionario. Dende o 1 de xullo de 2019 será equivalente a diferenza total entre eses dous tratamentos da antigüidade. En relación cos novos trienios perfeccionados a partir do 1 de xullo de 2017, o complemento virá dado polo importe total do diferencial que o constituía. Acadada a homoxeneización suprimirase o complemento.

Os actuais CPTs dos funcionarios de biblioteca serán absorbidos polas contías derivadas do novo complemento de homoxeneización da antigüidade, de xeito que en xullo de 2019 a contía dos mesmos quede absorbida na súa totalidade polo novo complemento.

O persoal contratado con cargo ás axudas dos programas de recursos humanos percibirá as retribucións mínimas establecidas nas convocatorias que regulen a súa contratación.

As relacións de postos de traballo deberán ser adaptadas aos cadros de persoal orzamentados e ás variacións que se produzan como resultado da aplicación das medidas derivadas do Plan Económico Financeiro de Equilibrio de conformidade co establecido nos artigos 21.2, 22.2 e 106 d) dos Estatutos, no que atinxe ao PDI, e ao artigo 41.1, no que atinxe ao PAS.

De conformidade co previsto no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, as relacións de postos de traballo poderán modificarse para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcional ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir ao mesmo ao persoal afectado.

No orzamento dótase un fondo de 735.000 euros para atender os incrementos ou melloras en materia de persoal coa seguinte distribución: PAS 235.000 euros e PDI 500.000 euros.

Así mesmo, dótase un fondo de 700.000 euros para o persoal contratado con cargo a actividades de I+D+i, en especial para a súa ordenación e para a determinación de necesidades estruturais que puideran dar lugar a unha Relación de Postos de Traballo de investigación.

As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal supeditándose á súa suficiencia. No primeiro trimestre do ano desenvolverase un procedemento específico para a cobertura e priorización de necesidades temporais que deberá asegurar a existencia de crédito previa á autorización da contratación.

Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.

Tamén poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custes da estrutura de persoal.

Os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof-Codina son afectados e financiados na súa integridade coas achegas específicas do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 e consecuentemente terán a consideración de crédito ampliable os créditos que amparan ditos gastos.

Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos plans de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á acción social do persoal.

A reserva de crédito para gastos de persoal con financiamento afectado deberá contemplar un incremento do 2,375% respecto á do ano 2018 en previsión do incremento retributivo que poda producirse en 2019. Unha vez aprobados os orzamentos do Estado e da Comunidade Autónoma, actualizarase esta reserva de acordo co que nelas se estableza.

Na contratación de persoal laboral temporal tomaranse as medidas necesarias para evitar, na medida do posible, que a Universidade teña que asumir gastos de indemnizacións derivados de sentenzas xudiciais.

Entre estas medidas instrumentaranse mecanismos para repercutir eses custes potenciais ás unidades ou responsables das propostas de contratación que dean lugar a eses gastos.

A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

Artigo 5.- Actividades de I+D+i e tipos de programas

A Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das actividades de I+D+i executadas con cargo a financiamento afectado e con carácter finalista establecerá dous tipos de programas:

1.- Programas de xestión integrada (PIXI)

A Xerencia, en coordinación coa Vicerreitoría de Investigación e Innovación, manterá

actualizadas instrucións específicas sobre a xestión orzamentaria destes programas co obxecto de optimizar o aproveitamento dos seus recursos e facilitar a estabilidade da súa actividade conxunta.

2.- Actividades singulares de I+D

Cada actividade singular de I+D+i debe estar aprobada polo órgano competente. Entenderanse como tales as seguintes actividades:

- Proxectos de investigación con prazo de execución determinado e financiamento específico desenvolvidos no marco de Programas con fins de investigación, vía convocatoria pública competitiva.
- Actividades de I+D+i desenvolvidas baixo contrato cunha empresa ou consorcio de empresas asociadas a un proxecto financiado por programas públicos de I+D+i dirixidos a entidades privadas.
- Actividades de I+D+i financiadas mediante contratos e convenios asinados con empresas, fundacións, organismos públicos, e outras entidades, que teñan por obxecto a realización dun proxecto de I+D, o desenvolvemento programado dunha liña de investigación colaborativa (Unidades Mixtas, Plataformas Tecnolóxicas), a realización de Programas de Valorización de Resultados ou a prestación dun servizo de Asistencia Técnica ou asesoramento asociados as capacidades propias de I+D+i.

Cada actividade de investigación singularmente considerada deberá autofinanciarse de xeito completo.

As actividades financiadas mediante contratos deberán estar aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D e darase conta ao Consello de Goberno, de conformidade co Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.

Artigo 6. Créditos de centros, departamentos, institutos e centros singulares

Os créditos asignados terán por finalidade financiar os gastos necesarios para o seu funcionamento ordinario. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo a eses créditos. Non obstante, para situacións puntuais e logo da aprobación da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, poderanse financiar contratos temporais derivados de programas de recursos humanos de I+D+ i que o requiran.

Artigo 7. Créditos e gastos plurianuais. Xestión e contabilización.

1.- En aplicación do establecido no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLXFOG) poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas neste artigo.

2.- Os **gastos plurianuais** que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2019 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio e a necesidade da actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

3.- **Expediente anticipado de gasto.** De acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do Sector Público poderá tramitarse un expediente anticipado de gasto (cuxa execución se iniciará no exercicio seguinte), respectando os límites indicados no art. 58.3 do TRLXFOG.

4.- Os gastos plurianuais e os expedientes anticipados de gasto só poderán executarse en:

- Partidas soporte de actividades con financiamento afectado e con dotacións orzamentarias aprobadas para exercicios futuros
- Partidas orzamentarias con crédito inicial aprobado no exercicio económico 2019

5.- En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal con cargo a créditos financiados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

6.- No 2019 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, subministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo, no caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.

7.- A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de I+D+i propoñerase desde a Vicerreitoría de Investigación e Innovación mediante distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.7000.64100 (Fondos de investigación. Subvencións) e 8050.7000.64200 (Fondos de investigación. Contratos e servizos)

prestados). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2019.

Para estes efectos, a comunicación das dotacións orzamentarias que efectúe o Servizo de Xestión de Actividades de I+D aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

8.- As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Estudos Propios (CEP) faranse de xeito similar ao establecido no parágrafo anterior desde a Vicerreitoría de Titulacións. Estas operacións realizaranse mediante distribución de crédito desde a partida 5505-1000-22800 ás partidas correspondentes de cada curso.

Artigo 8. Imputación de gastos

Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2019.

O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar, por iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores así como as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao cerre dese exercicio, imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior ao non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 9. Remanentes de crédito.

O axuste da contabilidade da USC e a adaptación da execución orzamentaria ás normas de contabilidade nacional, así como o axuste do déficit segundo os compromisos adquiridos no Plan Económico Financeiro de Reequilibrio aprobado, esixe manter o tratamento dos remanentes segundo o establecido para os anteriores exercicios que se concreta nas seguintes normas:

1.- De acordo co establecido no artigo 59 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de

Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito.

2.- Non obstante, poderán incorporarse ao exercicio corrente os créditos non obrigados ao fin do exercicio anterior e que se correspondan coas seguintes situacións:

- a. **Titulacións de posgrao propias:** poderán ser incorporados os créditos sempre e cando a vixencia do curso abranza a máis dun exercicio. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
- b. **Titulacións de posgrao oficiais con financiamento externo doutras entidades públicas ou privadas:** igual que no caso anterior poderase incorporar o crédito aos exercicio económicos seguintes en función da duración prevista da edición financiada da titulación. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
- c. **As actividades de investigación financiadas ao través de convocatorias competitivas:** os remanentes existentes durante a vixencia establecida na concesión serán incorporados. No ano de finalización da actividade no que se presente o informe final, o crédito existente ao fin dese exercicio económico deixará de ter a consideración de remanente incorporable. De ser necesario atender a posibles reintegros e reclamacións, o crédito quedará a disposición da Xerencia.

Poderán incorporar remanente en función do resultado do exercicio económico 2018:

- d. As **actividades** que se financian mediante a **facturación ou auto liquidación** como prestacións clínicas ou prestacións de servizos

Non procede a incorporación de remanentes nas seguintes actividades:

- e. As que se financian mediante facturación por cesión de espazos e similares
- f. Cursos de verán, congresos e reunións científica finalizadas en 2018

3.- A incorporación dos remanentes de crédito deberá autorizala o reitor, e dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4.- O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

5.- Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 10. O Fondo de continxencia e outros imprevistos

O crédito habilitado para esta finalidade no capítulo V deberá servir para atender a:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendelas.
- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións
- Custes financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver
- Fallidos nos procesos de cobro de servizos
- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais
- Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

A xestión deste fondo correspóndelle á Xerencia, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 11. Contratación administrativa

A entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) está a producir multitude de interpretacións dos órganos consultivos, e diferenzas notables na súa aplicación polas distintas administracións. A USC ditou ata catro instrucións da Xerencia (IV, V, VII e IX/2018) para especificar como deben empregarse os diferentes procedementos de adxudicación dos contratos no novo marco normativo.

En tanto non se aproba un Regulamento de Contratación acorde coa citada norma, é preciso regular a aplicación da LCSP nos seus aspectos máis habituais, o que se plasma nos seguintes artigos.

Artigo 12. Valor estimado dos contratos

Para os efectos de determinar os procedementos de adxudicación aos que se refire o artigo trece destas normas, entenderase por valor estimado dos contratos a suma dos seguintes conceptos:

- o orzamento base de licitación do contrato, IVE non incluído
- calquera forma de opción eventual recollida no contrato
- a totalidade das modificacións á alza que foran previstas nos pregos
- e as eventuais prórrogas do contrato, de acordo co disposto no artigo 101 da LCSP

Artigo 13.- Unidades funcionais.

En tanto non se desenvolva regulamentariamente este aspecto, na USC establécense como unidades funcionais diferenciadas para os efectos dos límites cuantitativos dos contratos menores as que se indican a continuación:

1.- Créditos con financiamento non afectado

- a) Cada un dos órganos de goberno (Consello Social, Reitoría, Vicerreitorías, Secretaría Xeral, Xerencia). A unidade funcional comprende os créditos non afectados asignados a cada un destes órganos e ás súas unidades e servizos encadrados organicamente neles.
- b) Cada un dos demais centros de gasto que contén con partidas asignadas especificamente no orzamento e sobre as que existan competencias de xestión orzamentaria atribuídas a un director de centro de gasto, entendéndose en todo caso os vinculados ás diferentes estruturas orgánicas de docencia ou investigación existentes na Universidade (centros, departamentos, institutos universitarios, centros singulares de investigación), cando as partidas orzamentarias coas que se financien os contratos non teñan o carácter de financiamento afectado.

O valor estimado individual ou acumulado dos contratos menores de subministracións e servizos que se celebren con cargo a financiamento non afectado destas unidades funcionais, e co mesmo provedor e obxecto dentro de cada exercicio económico terá que ser inferior a 15.000 euros.

2.- Financiamento afectado:

c) Cada un dos centros de gasto, cando as partidas orzamentarias coas que se financien os contratos teñan o carácter de financiamento afectado. Entenderase en todo caso que teñen ese carácter as partidas orzamentarias vinculadas a actividades de I+D ou de posgraio propio, así como outras partidas asignadas a responsables institucionais para a execución de créditos afectados.

O valor estimado individual ou acumulado dos contratos menores de subministracións e servizos que se celebren para cada un destes centros de gasto con cargo a financiamento afectado e co mesmo provedor e obxecto dentro de cada exercicio económico terá que ser inferior a 50.000 euros.

Co fin de facilitar unha interpretación uniforme deste apartado, a Xerencia manterá actualizada unha táboa de unidades funcionais no portal web do Servizo de Xestión Económica (www.usc.es/gl/servizos/sxe/).

Artigo 14. Procedementos de adxudicación

Os procedementos de adxudicación para a contratación de obras, subministracións e servizos serán os máis acaídos entre aqueles que prevé a Lei de Contratos do Sector Público, de acordo cos principios contidos na propia norma. Entre outros, a LCSP prevé os seguintes:

1.- A adxudicación mediante procedemento aberto, nos termos establecidos na LCSP, será a de utilización normal na licitación dos contratos da USC.

2.- O procedemento negociado sen publicidade, nos supostos que prevé o artigo 168 da LCSP. Para este suposto, logo do informe da *Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado*, a USC estableceu na Resolución Reitoral de 6 de agosto de 2018 que a súa aplicación se pode aplicar ás seguintes subministracións:

- equipamento singular, de reactivos e, en xeral, de material funxible para o seu uso en instalacións de investigación, sempre que se trate de gastos realizados con cargo a partidas orzamentarias soporte de actividades de docencia ou investigación.
- fondos bibliográficos destinados á investigación, a experimentación, o estudo e a innovación. Terán esa consideración as edicións críticas, os manuais, os estudos, os anuarios, os ensaios, as recompilacións, as actas de congresos, as revistas

científicas, os textos legais comentados e outros fondos bibliográficos de natureza análoga aos anteriores.

3.- O procedemento aberto simplificado de trámite abreviado poderá utilizarse cando o importe de licitación sexa inferior a 35.000 euros para a contratación de subministracións e servizos, ou a 80.000 euros para a contratación de obras. En calquera caso estarase ao previsto para as unidades funcionais definidas no artigo 13.

4.- Poderán celebrarse contratos menores naqueles casos en que o valor estimado do contrato sexa inferior aos límites establecidos polo artigo 118.1 e nas disposicións adicionais novena e quincuaxésima cuarta da LCSP. Os límites entenderanse de aplicación dentro de cada unha das unidades funcionais indicadas no artigo 13 e para un mesmo exercicio económico.

Artigo 15. Unidade responsable da xestión da contratación administrativa.

O Servizo de Xestión Económica da Xerencia (SXE) é a unidade administrativa responsable do asesoramento e da xestión da contratación na USC.

Todos aqueles gastos para os que sexa preciso tramitar un expediente de contratación, deberán comunicarse ao SXE coa antelación suficiente, de xeito que permita respectar os prazos legalmente establecidos para a preparación, licitación e adxudicación dos contratos.

Respecto dos contratos menores, o SXE só intervirá naqueles nos que sexa preciso asinar un contrato, ben sexa por razóns de legalidade, de requirimentos técnicos ou de oportunidade.

En particular, corresponderalle ao SXE:

- A impulsión e tramitación de todos os expedientes de contratación e o asesoramento xeral en materia contractual.
- A supervisión previa dos informes que teñan que ser validados pola Mesa de contratación.

Adicionalmente, de acordo co establecido no artigo 63.4 da LCSP, o SXE publicará trimestralmente no perfil de contratante a información relativa aos contratos menores ordenada pola identidade do adxudicatario.

A Xerencia manterá actualizados os modelos e instrucións operativas aplicables á contratación administrativa na páxina *web* do citado Servizo.

Artigo 16. Programación da contratación

Para posibilitar a elaboración da programación anual das necesidades de contratación de obras, subministracións e servizos sen financiamento afectado, que facilite a racionalidade no uso de fondos públicos, as distintas unidades con atribucións de gasto remitirán ao Servizo de Xestión Económica antes do 30 de setembro, co visto e prace do director do centro de gasto, unha previsión, valorada economicamente, das obras, subministracións e servizos que esperan acometer no exercicio de 2020.

Para realizar dita previsión de contratación partírase do suposto de que o importe do orzamento no exercicio 2020 é similar ao dispoñible en 2019 para, de ser o caso, aprobar a programación da contratación, xunto co orzamento dese exercicio.

A mesma previsión deberá ser remitida, no mesmo prazo, pola vicerreitoría responsable de I+D+i e pola unidade con competencia na xestión de estudos propios para as actividades viventes con financiamento afectado.

A Xerencia facilitará un modelo normalizado para esta finalidade.

Con esa información, o SXE analizará a tipoloxía dos contratos e os seus valores estimados e elevará esa información á Xerencia para que esta impulse a definición dun plan de licitacións públicas para os distintos tipos de obras, subministracións e servizos que facilite a aplicación dos procedementos de contratación máis acaídos para atender as necesidades das distintas unidades e servizos da institución.

Artigo 17. Da adxudicación e formalización dos contratos

Consonte co previsto no artigo 182 dos viventes Estatutos, o reitor posúe a condición de órgano de contratación da USC e asinará no seu nome os contratos.

Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes relativos aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. Se a tramitación urxente é autorizada, os prazos legalmente previstos para a licitación e adxudicación dos contratos reduciranse á metade.

Artigo 18. Da contratación irregular

Entenderase por contratación irregular aquela na que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- A extralimitación de competencias por parte dos directores dos centros de gasto ou
-

dos responsables de unidades técnicas ou administrativas, consistente na asunción de compromisos contractuais con terceiros, xa sexa verbal ou formalizada documentalmente.

- A modificación, por parte dos anteriores, do obxecto dun contrato en execución, concertando, pola vía de feito, prestacións adicionais non contempladas inicialmente, supoñan ou non un incremento ou unha diminución do custo do contrato ou unha alteración substancial das demais condicións contractuais, sen a debida autorización do órgano de contratación.
- A que prescinda total ou parcialmente do procedemento legalmente establecido de acordo co previsto nas presentes bases e na lexislación de aplicación.
- O fraccionamento do obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a súa contía para eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que legalmente corresponda empregar.

Artigo 19. Validación dos compromisos contractuais e dos custos derivados da contratación irregular

O órgano de contratación, asistido pola Mesa de Contratación da USC, será o único competente para validar, de ser o caso, os procedementos irregulares que puideran derivar na anulabilidade do procedemento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades ás que haxa lugar.

No suposto de que se produza un incremento do gasto previsto nos expedientes de contratación xa adxudicados, non se poderá iniciar a execución de calquera modificación contractual ou a tramitación dun contrato complementario sen a previa autorización do órgano de contratación.

Artigo 20. A Mesa de contratación da USC. Funcións

Nos procedementos nos que legalmente se prevexa, o órgano de contratación da USC estará asistido pola Mesa de contratación, coa composición que acordou o Consello de Goberno na sesión do 5 de marzo de 2018.

A Mesa de contratación é o órgano de asistencia técnica especializada que, con carácter permanente, é o competente para a valoración das ofertas, con atribución de funcións para elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación de todos os contratos que licite a USC polos procedementos aos que se refire o apartado anterior.

A Mesa de contratación será o órgano competente para autorizar a aplicación do procedemento con negociación en todos aqueles contratos nos que se aprecie a existencia ou inexistencia das causas legalmente previstas para a aplicación do dito procedemento. Para esta autorización será precisa a previa solicitude en informe razoado da dirección do centro de gasto ou do responsable do contrato.

Para a válida constitución da Mesa será suficiente a asistencia de catro dos seus membros, sempre que estean presentes o Presidente/a e o secretario/a, ou quen faga as veces nos dous casos, e os representantes das unidades administrativas responsables do asesoramento xurídico e do control interno do órgano de contratación.

Ás reunións da Mesa de contratación poderán concorrer todas aquelas persoas que, a xuízo da presidencia, resulten necesarias para asesorar á Mesa en función da natureza dos asuntos a tratar. Todas elas actuarán con voz pero sen voto.

Artigo 21. Dos responsables dos contratos

Na USC terán a condición de responsables dos contratos os directores dos centros de gasto, ou os responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.

Corresponderán aos responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

1. Xustificar a necesidade de celebración do contrato, mediante o oportuno informe, e tramitar a correspondente proposta de gasto que deberá estar asinada polo responsable dos asuntos económicos do centro xestor correspondente.
2. Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). No caso de que o contrato teña algún tipo de financiamento externo á USC, deberá indicarse neste anexo, así como as datas límite de xustificación e os requisitos de publicidade ou de calquera outro tipo que sexan requiridos polo ente financiador.
3. Elaborar o prego de prescricións técnicas.
4. Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, solicitar formalmente as oportunas ofertas aos licitadores e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.
5. Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.

6. Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.

7. Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente. Os responsables de asuntos económicos, logo de rexistrar a recepción da factura na aplicación eSICUS, serán os encargados de enviala ao SXE, xunto coa acta de recepción, e seguindo o procedemento establecido.

8. Pór en coñecemento do SXE calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

Sen os documentos previos aos que se refiren os puntos 1, 2 e 3 do apartado anterior, o SXE non procederá a iniciar o correspondente expediente de contratación.

Nos contratos de obras, o responsable do contrato será o director facultativo da obra.

Os responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da USC, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 22. Supervisión dos proxectos de obras

1.- A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a USC será exercida pola Oficina de Supervisión de Proxectos (OSP) que será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

2.- A OSP estará constituída inicialmente pola Dirección da Área de Infraestruturas e polo/a funcionario/a responsable da unidade administrativa encargada do control interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 23. Control de terceiros

1.- Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económico financeira e técnica ou profesional tanto aos empresarios individuais como ás empresas que superen o volume anual de facturación establecido para os contratos menores na lexislación vixente de contratos públicos, coas que se contraten habitualmente obras, servizos ou subministracións por importes individualizados inferiores a esa contía.

2.- Así mesmo, ditos empresarios deberán achegar a documentación xustificativa da súa personalidade xurídica e da súa capacidade de obrar e, de ser o caso, dos poderes necesarios para contratar, así como unha declaración relativa ao cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incursos en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación vixente de contratos públicos.

3.- Cando se trate de empresarios que exerzan actividades de prestación de servizos, deberán achegar ademais a xustificación documental de ter subscripta e en vigor unha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

4.- O incumprimento por parte destes empresarios do requirimento que se lles efectúe por parte dos servizos competentes da USC, da xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 24. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1.- A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da USC derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia USC, esixirase segundo o disposto no capítulo IV, Sección segunda, do Título Preliminar da LRXSP (artigos 36 e 37).

2.- A infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público e na aplicación das presentes bases, por parte do persoal ao servizo da USC, cando medie negligencia grave debidamente probada, constituirá falta moi grave cuxa responsabilidade disciplinaria esixirase conforme á lexislación de aplicación.

Artigo 25. Tarifas

Toda proposta de establecemento de novas tarifas deberá ser remitida á Xerencia acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

É competencia do Consello Social a aprobación das tarifas, mesmo as non incorporadas ao orzamento, que a USC vai aplicar pola prestación de servizos. Correspóndelle a Xerencia elevar a proposta para a súa aprobación. As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social. No portal de información económica da Xerencia pódense consultar as tarifas oficiais.

Artigo 26. Axudas para prezos públicos

As axudas para prezos públicos por servizos académicos estableceranse para o persoal das universidades do SUG con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social.

Artigo 27. Axudas de custo e locomoción

A percepción de axudas de custo e locomoción debe aterse ao regulado no Real Decreto 462/2002 e normas concordantes. En particular debe terse en conta:

- 1.- So poderán percibir axudas de custo e locomoción as persoas que acrediten vinculación coa USC e xustifiquen o motivo do desprazamento.
- 2.- Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.
- 3.- Ademais da autorización anterior, a percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarse sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra de Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.
- 4.- Sempre e cando o gasto sexa considerado como elixible polo ente financiador e se acredite documentalmente (mediante declaración ou documentación xustificativa) a necesidade, autorízase de forma excepcional:
 - a) O gasto de alugueiro de vehículo, sempre que non se poida utilizar ou resulte antieconómico o transporte público ou vehículo propio, xuntando o informe xustificativo da necesidade
 - b) O exceso nun 10% do importe máximo do aloxamento, que deberá xustificarse mediante informe do director de centro de gasto

5.- O importe máximo por aloxamento en cidades de máis de trescentos mil habitantes pode elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo.

6.- Debe indicarse as horas de saída e chegada para os efectos do cálculo establecido no artigo 12 do Real Decreto: percepción de 50% da axuda de custo por manutención.

7.- A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo. Non obstante, considerarase que é o lugar de residencia nos casos en que este estea máis próximo ao lugar de saída (aeroporto) ou de destino.

8.- No caso de aloxamentos nos Campus de Santiago e Lugo darase prioridade ao aloxamento de Casa de Europa, ao aloxamento do S.U.R. e dos hotéis das cidades de Santiago e Lugo cos que a USC ten convenio asinado. Esta información está dispoñible no portal de asuntos económicos da Xerencia

Artigo 28. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1.- Atencións protocolarias. Os gastos de atención protocolarias deben ir acompañados dunha explicación na que se especifiquen os motivos que xustifican a realización dos gastos e os cargos, persoas ou grupos destinatarios.

2.- Gastos de formación individual. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares. Poderán tramitarse gastos de formación individual en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

Autorízase a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC.

3.- Cotas por pertenza a asociacións. Só poderá imputarse no orzamento da USC o gasto correspondente á cotas a título particular por pertenza a asociacións, cando se acredite que non existe a opción de cota institucional.

4.- Importes máximos a retribuír por conferencias. Cando o importe a aboar pola impartición dunha conferencia supere os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5.- Participación do PAS en actividades de I+D+i e de formación. A participación do persoal de administración e servizos en actividades de I+D+i está contemplada no Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos da USC en cursos e convenios de investigación, publicado por Resolución Reitoral de 20 de maio de 1989 e publicada no DOG do 12 de xullo de 1989

Pola súa parte, a colaboración en actividades de posgrao propio e formación continua está contemplada no Regulamento dos estudos de posgrao e formación continua.

Non se autorizará o pagamento de retribucións pola realización doutras actividades ou daquelas que non sigan os procedementos establecidos nas normas anteriores.

O tope de remuneración por hora de colaboración do persoal de administración e servizos en títulos propios será o establecido na Instrución VIII/2015 da Xerencia

6.- Libros electrónicos. Non será admisible como gasto da USC a compra de libros electrónicos que supoñan unha descarga de uso unipersoal, non suxeita a ningún contrato ou licenza entre o provedor e a USC e, polo tanto, non legalmente accesible pola comunidade universitaria.

Artigo 29. Gastos contratados no comercio electrónico

1.- Comercio electrónico e facturación. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable a través de internet cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a USC e inclúa os seus datos fiscais:

NIF (*VAT number*): ES-Q1518001A

Enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2.- Gastos en transporte público tramitados a través de internet. Non será necesaria a factura dirixida á USC, indicada no apartado anterior, no caso de contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público que servirán de xustificante dunha axuda de custo e locomoción; a documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento

Artigo 30. Custos indirectos

Con respecto aos ingresos por custos indirectos, mantense no exercicio 2019 o establecido nas bases de execución do orzamento 2018 e que se recolle no anexo D. Custos indirectos.

A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base impoñible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1.- No caso de que a situación puntual da tesouraría da USC o requira, e exista crédito suficiente nas partidas de gasto, autorízase ao reitor a subscribir unha póliza de crédito por importe máximo de 4.000.000 euros. A cancelación da póliza realizarase antes do 31 de decembro de 2019.

